



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2024

CEGASAL. Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro

Relación de actividades realizadas pola asociación empresarial galega de centros especiais de emprego de iniciativa social e emprendemento colectivo, CEGASAL, durante o período xaneiro a decembro de 2023.



CEGASAL

- I. Benvido/a a esta Memoria
 - II. Sobre CEGASAL
 - III. Asociados
 - IV. Os servizos de CEGASAL:
 - Información e asesoramento
 - Integración vertical
 - Proxectos
 - Colaboración empresarial
 - Actividades promocionais
 - Canle responsable
 - V. Rede CEGASAL Inclúe
 - VI. O foco da sostenibilidade
 - Relación con grupos de interese
 - VII. Modelo de gobernanza
 - Goberno corporativo
 - Equipo técnico
 - VIII. Dossier de prensa
 - IX. Previsión de actividade 2025
- 



I. Benvido/a a esta memoria

A integración das persoas con discapacidade no mercado laboral é un dos principais obxectivos das políticas de emprego, sendo prioritario o seu acceso ao mercado laboral ordinario, realizando accións que actúen contra os problemas de discriminación, a eliminación de barreiras de entrada e polo incentivo e sensibilización do empresariado.



Mais existe un espazo propio denominado *emprego protexido* no que o papel dos centros especiais de emprego é imprescindible para xerar oportunidades laborais a persoas con discapacidade que non acceden ao mercado laboral, xerar oportunidades de tránsito e profesionalización e desenvolvemento de capacidades, e permitir o dereito ao traballo dun gran número de profesionais.

Ditos espazos son a día de hoxe un motor de emprego, riqueza e crecemento sostible, representativo da economía social que debe ser potenciado e profesionalizado así como apoiado por organizacións creadas para representar e defender estas iniciativas.

Sendo Galicia unha das comunidades autónomas que apostan por un emprego protexido de calidade e diferenciado, ao distinguir aos centros especiais de emprego de iniciativa social no seu rexistro, é necesario que as organizacións creadas polas citadas iniciativas ocupen parte das súas actividades a poñer en valor os principios, valores e modos de traballar das mesmas.

Un ano máis, CEGASAL, consciente das dificultades que atravesan as iniciativas asociadas, apostou por continuar ao seu lado, priorizando aspectos que xeran entornos máis favorables para os centros especiais de emprego de iniciativa social e emprendemento colectivo, tanto nos aspectos comerciais, como institucionais, comunicativos e promocionais.

CEGASAL continua traballando como o ben facendo ata estes momentos, pasiño a pasiño, para fomentar o emprego de calidade das persoas con discapacidade e persoas en risco de inclusión social e para que toda a actividade económica, social e empresarial de Galicia poda medrar dun xeito máis sostible, xusto e equitativo.

Herminio Martínez Lago

Presidente CEGASAL



II. Sobre CEGASAL

CEGASAL é unha asociación empresarial galega aglutinadora de centros especiais de emprego de iniciativa social (CEEIS) e/ou de asociacións de persoas con discapacidade. O seu fin é a defensa, promoción e representación desas entidades. A súa loita, á fin e ao cabo, é a do emprego de calidade das persoas con discapacidade e persoas en situación de risco de exclusión social e a súa inclusión na actividade económica, social e empresarial de Galicia.

CEGASAL nace no ano 1997 pola necesidade dun grupo de entidades do Terceiro Sector do movemento asociativo de persoas con discapacidade, de dar resposta ás necesidades de emprego do colectivo. Para o cal puxeron en marcha un conxunto de iniciativas empresariais de iniciativa social e emprendemento colectivo, baixo o amparo legal previsto na Lei de Integración Social das Persoas con Discapacidade, actualmente refundida xunto con outras normas que proclaman e protexen os dereitos das persoas con discapacidade, no Real Decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Así, un grupo de cinco centros especiais de emprego decidiron constituír esta asociación empresarial.



Os CEEIS son un entorno laboral concibido e deseñado especificamente para as persoas con discapacidade, onde as funcións e tarefas desenvolvidas adecúanse a súa situación e necesidades. Os CEEIS deben contar nos seus cadros de persoal con, alo menos, un 70% de persoas empregadas con algunha discapacidade recoñecida.

O seu obxectivo principal é de realizar unha actividade produtiva de bens ou servizos, participando regularmente nas operacións do mercado e teñen como finalidade o asegurar un emprego remunerado para as persoas con discapacidade.

A finalidade dos centros especiais de emprego é asegurar un emprego remunerado para as persoas con discapacidade, á vez que ser un medio de inclusión do maior número de persoas no réxime de emprego ordinario. E esta finalidade alcánzase mediante a realización, no centro especial de emprego, dunha actividade produtiva de bens ou servizos, participando regularmente nas operacións do mercado, a través da prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran as persoas traballadoras con discapacidade do centro, segundo as súas circunstancias e características.

CEGASAL ten unha estrutura similar a de calquera asociación empresarial, pero as persoas integrantes responden á misión da organización.

CEGASAL conta con instalacións na rúa Dublín 3, Baixos 15707 Santiago de Compostela, cun despacho habilitado e equipamento informático, así como autorización de uso da liña telefónica, acceso a internet e unha centraliña compartida.

Entre as **funcións** que desenvolve CEGASAL atópanse:

- a negociación colectiva no sector
- diálogo social
- a participación institucional
- a xestión económica ou a promoción empresarial



Foto: [Dixardín](#)

A fortaleza de CEGASAL reside nas súas entidades asociadas. Na actualidade contamos con **32 entidades asociadas**, con **55** centros de traballo, centros especiais de emprego de iniciativa social de 14 sectores produtivos: artes gráficas, alimentación, atención socio-sanitaria, transporte, selección e recollida de residuos, restauración, artesanía, outsourcing, consultoría, comercialización de embalaxes e produtos para a industria, a automoción, servizos de xardinería, limpeza viaria e viveirismo, así como no sector agrícola e gandeiro ou actividades téxtiles, entre outras.

As nosas entidades representan un total de 2.374 persoas traballadoras, das cales 1.871 son persoas con discapacidade. Do total de empregados/as das nosas entidades, 1.425 son homes e 980 son mulleres. Facendo unha análise por xénero das persoas empregadas con discapacidade, 1.249 son homes e 724 son mulleres.

PERSOAS TRABALLADORAS	40% MULLERES	60% HOMES
PERSOAS TRABALLADORAS CON DISCAPACIDADE	36,7% MULLERES	63,57% HOMES

III. Asociados

ACCEDE SOCIAL

Servizos | Transporte

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado a ofrecer servizos de transporte adaptado, posibilitando a mobilidade de grupos de persoas con discapacidade ou en situación de dependencia.

Centros de traballo:

- Rep. Checa 17, Costa Vella, Santiago de Compostela (A Coruña)
- Avda. de Toeira 42, Edificio Usos múltiples - Neda
- Hospital Rebullón s/n, Puxeiros, Mos (Pontevedra)

AIXIÑA

Varios | Servizos sociosanitarios, restauración e talleres de montaxe

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social que realiza tres liñas de servizos diferenciados: prestación de servizos sociosanitarios, servizos de restauración en locais e a domicilio e talleres de montaxes.

Centros de traballo:

• R/. Recaredo Paz 1, Finca Sevilla (Ourense) • Praza Maior 12, Ourense
AMBAR ACCIÓN SOCIAL Servizos Asistencia persoal Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á organización, realización e xestión de servizos de asistencia persoal. <u>Centros de traballo:</u> • Lugar de Granxa 5, San Roque, Ribeira (A Coruña) • R/. Castelao 5, A Pobra do Caramiñal (A Coruña)
ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL Alimentación e restauración Elaboración de sidra, zumes e pulpas naturais Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social que busca a inserción laboral de persoas con enfermidade mental residentes nas áreas rurais da comarca Ulla-Sar e a Mancomunidade de Ordes. <u>Centros de traballo:</u> • Lugar de Vigo 138, Dodro (A Coruña)
ARTEGALIA Varios Loxística Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á distribución especializada en mascarillas, embalaxes, roupa laboral, EPIS, produtos químicos, traballos de manipulación, empaquetados, etc. <u>Centros de traballo:</u> • Parroquia de Cortiñán, Parcela I-9 P.I. Bergondo (A Coruña)
ASOCIACIÓN COMPOSTELÁ DE AUTOTAXI Servizos Transporte Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado a proporcionar ás persoas usuarias servizos de transporte

adaptado de taxi, a través da central de Radiotaxi na área de Santiago de Compostela.

Centros de traballo:

- Praza Camilo Díaz Baliño s/n, Santiago de Compostela

ASPAMADIS

Medio ambiente | Xardinería e limpeza

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado a actividades de xardinería e limpeza mediante a integración de persoas con discapacidade intelectual.

Centros de traballo:

- Praza 1000 baixo 3, local 2, Ourense

COMBINA SOCIAL

Servizos | Consultaría, benestar e auxiliares

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á organización de servizos auxiliares para empresas como: recepción, limpeza, conserxería, control de accesos, loxística, procesos industriais e consultaría especializada en accesibilidade universal.

Centros de traballo:

- R/ Dublín 3, Baixos, Santiago de Compostela (A Coruña)
- Edificio Cadoiro Centro de Negocios - R/. Rep. Checa 52, P.E. Costa Vella, Santiago de Compostela (A Coruña)

GES

Servizos | Consultaría, benestar e auxiliares

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á xestión empresarial e consultaría.

Centros de traballo:

- Rep. Checa 17, P.E. Costa Vella, Santiago de Compostela (A Coruña)

DIXARDIN

Medio ambiente | Xardinería e paisaxismo

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado a servizos integrais de xardinería e paisaxismo.

Centros de traballo:

- LG. A Pedra, Nanton, Cabana de Bergantiños (A Coruña)
- LG. de Raíces 1, Ames, Santiago de Compostela (A Coruña)
- LG. A Robaleira, Abelleria, Muros (A Coruña)
- LG. Ponte do Gato, Rendal, Arzúa (A Coruña)

EMPREGO SOCIAL

Varios | Xardinería, limpeza e cerámica

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social vinculado á Asociación Prol Enfermos Mentais da Coruña que conta con catro liñas: xardinería, produción de plantas de tempada, limpeza viaria e de instalacións e modelaxe en cerámica.

Centros de traballo:

- R/. das Rúas 3, baixo Cambre (A Coruña)

ERIT

Medio ambiente | Xardinería

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro da Asociación Itinera, voluntarios en saúde mental, dedicado ao traballo de xardinería e mantemento de zonas verdes e dirixido á inserción laboral de persoas con trastornos mentais.

Centros de traballo:

- R/. República Argentina 22, 5º izq, Santiago de Compostela (A Coruña)

COREGAL

Medio ambiente | Xestión de residuos

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social fundado en 1994. Dedícase á xestión integral de residuos para a redución, reutilización, reciclaxe e valorización dos residuos non perigosos, minimizando o depósito en vertedoiros.

Centros de traballo:

- Rep. Checa, 17 Costa Vella, Santiago de Compostela (A Coruña)

- Polígono Espiñeira, Parc. 28, Boiro (A Coruña)
- R/. Titanio D 5, P.I. Bertoa, Carballo (A Coruña)
- R/. Baloutas de Abaixo 14, P.I. de Veigadaña, Mos (Pontevedra)

ILUNION RETAIL E COMERCIALIZACIÓN

Varios | Venda de prensa e outros

CEEIS especializado en tendas de prensa local, nacional e internacional, revistas de divulgación xeral e específica, libros e agasallos. Situadas en centros hospitalarios de España.

Centros de traballo:

- R/. Estrada San Pedro - Catabois s/n, Ferrol A Coruña)
- R/. Meixoeiro s/n, Vigo (Pontevedra)
- Estrada Clara Campoamor 341, Vigo (Pontevedra)
- R/. Ramón Puga Noguerol 54, Edif. Hospitalización - Interior del hospital, Ourense

HORNOS LAMASTELLE

Alimentación | Elaboración de empanadas e sobremesas

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social do sector da alimentación, dedícase á fabricación e distribución de empanada galega, Torta de Santiago e biscoitos.

Centros de traballo:

- Avda. Rosalía de Castro 12, A Coruña
- Establecemento de venda directa: R/. Juan Flórez 134, A Coruña

I-LAB

Varios | Xoiería

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á xoiería e artesanía galega ademais de realizar un servizo de transporte adaptado para persoas con mobilidade reducida.

Centros de traballo:

- R/. Rafael Alberti 10 baixo, A Coruña

GRAFINCO

Varios | Servizos gráficos

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado ao deseño especializado e impresión cunha ampla gama de produtos gráficos sobre todo tipo de soportes.

Centros de traballo:

- R/. da Luz 4, Fingoi (Lugo)

ILUNION CEEIS OUTSOURCING, S.S

Varios | Servizos gráficos

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado ao deseño e xestión de proxectos de *outsourcing* en procesos intensivos en man de obra, implantando solucións innovadoras.

Centros de traballo:

- R/. José Luís Bugallal Marchesi 9, A Coruña

ILUNION LAVANDERÍA

Servizos | Lavanderías industriais

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á adquisición, tenencia, subministro, aluguer de todo tipo de roupa e lenzaría e a explotación comercial de lavanderías industriais, así como á promoción, dirección, xestión e administración de centros especiais de emprego, promoción laboral de persoas traballadoras con discapacidade, que teñan como obxecto principal a explotación comercial de lavanderías industriais.

Centros de traballo:

- R/. Vía Pasteur 17, P.I. Tambre, Santiago de Compostela (A Coruña)

ILUNION LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE

Medio ambiente | Limpeza

CEEISIS dedicado a executar plans globais para a limpeza de todo tipo de instalacións, entre as que destacan edificios e locais, hipermercados e grandes superficies, centros hospitalarios, centros educativos e instalacións deportivas, fábricas e grandes cadeas de montaxe. Infraestruturas do transporte: portos, aeroportos e ferrocarrís.

Centros de traballo:

• R/. José Luís Bugallal Marchesi 9, A Coruña • R/. San Roque 31-33, Lugo • R/. Alameda do Cruceiro 9, Ourense • R/. Gran vía 16, Vigo
ENTRELAMPO Agricultura Ovos campeiros Centro Especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado ao sector agro-alimentario <u>Centros de traballo:</u> • Casa Reitoral de Marrozos, Lugar de Ardagán, Sta. María de Marrozos, Santiago de Compostela
SERVILAR Servizos Limpeza, lavandería industrial e manipulados Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social promovido pola Fundación Lar que nace co obxectivo de empregar a persoas con Trastorno Mental Grave (TMG) (limpeza, lavandería industrial e manipulados). <u>Centros de traballo:</u> • R/. Muíño Novo 3, Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
INSERTA EMPLEO Servizos Emprego e colocación Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado aos recursos humanos da Fundación ONCE. <u>Centros de traballo:</u> • Praza de Europa 15 A -2ª planta (CC Area Central), Santiago de Compostela (A Coruña) • R/. Gran Vía 16, Vigo (Pontevedra)
INTEGRATEX Varios Téxtil e complementos Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social que consta de tres franquías de INDITEX que comercializan produto <i>out/et</i>

(Massimo Dutti, TEMPE e Pull& Bear), xestionadas por persoas con discapacidade.

Centros de traballo:

- R/. Fonteiriña 4, Allariz (Ourense)
- R/. Fonteiriña 5, Allariz (Ourense)
- R/. Real 82, Ferrol (A Coruña)

ILUNION SERVIZOS INDUSTRIAIS

Automoción | Loxística e ensamblado de pezas

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social do sector auxiliar da automoción dedicado á inxección de plásticos e forrado de compoñentes de vehículos.

Centros de traballo:

- R/. 11, nave 6 esquerda P.I., San Cibrao das Viñas (Ourense)
- Avda. Castilla-La Mancha 11, Cabanillas del Campo, Vigo (Pontevedra)

MÁIS PORVIR XESTIÓN SOCIAL

Servizos sociosanitarios

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social con dúas liñas de actividade: servizos de atención socio sanitaria e servizos auxiliares a empresas e organizacións.

Centros de traballo:

- Centro de recursos de Nantón, Lugar da Pedra 30, Cabana de Bergantiños (A Coruña)

PRODUTORES DE CARNE DA RIBEIRA SACRA

Alimentación e restauración | Producción e comercialización de carne e derivados

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á cría de gando con venda por xunto dos produtos derivados, así como comercialización directa en carnicería propia.

Centros de traballo:

- Carretera de Currelos s/n. Monforte de Lemos (Lugo)

TRAMEVE

Medio ambiente | Centro de tratamento de vehículos

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social cualificado como centro de tratamento de vehículos fóra de uso por sinistro ou fin de vida útil (C.A.T).

Centros de traballo:

- Vía La Cierva 90, P.I. Tambre, Santiago de Compostela (A Coruña)
- Avenida do Cruceiro da Coruña 141, Pulleira Santiago de Compostela (A Coruña)

TRÉBORE XARDINERÍA

Medio ambiente | Xardinería

Xardinería, tanto pública como privada, así como produción e cultivo de plantas ornamentais en maceta para a comercialización no mercado almacenista.

Centros de traballo:

- R/. Curros Enríquez 120, San Cosme de Maianca, Mera, Oleiros (A Coruña)
- Chan de Paisais. Aldea de Vigo Pol. Picaraña, Padrón (A Coruña)

TALLERES TRÉBORE

Varios | Limpeza e agasallos de empresa

Ligado á Fundación Paideia dedicado a dúas áreas: servizo de mantemento e limpeza de edificios e deseño gráfico e agasallo de empresa.

Centros de traballo:

- Polígono de Pocomaco, Quinta Avenida 91, A Coruña
- R/. Riego de Agua 13-15 1º, A Coruña

VIVEIROS VALADARES

Medio ambiente | Xardinería e viveiros

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado a servizos de xardinería. Tamén xestiona varios invernadoiros a través dos cales produce e comercializa plantas, arbustos e árbores.

Centros de trabajo:

- Lamas de Castelo, Carnota, Lugar de Touzas s/n, Valadares, Outes, A Coruña

MARES DE CEDEIRA

Servizos de información

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado a servizos de información no Museo da asociación que leva o mesmo nome.

Centro de trabajo:

- Camiño Arealonga, 1, Cedeira, A Coruña




Foto: [Andaina](#)

IV. OS NÓSOS SERVIZOS

INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

Nas nosas oficinas ofrecemos apoio ás iniciativas empresariais. Igualmente, desenvolvemos a actividade administrativa e técnica da entidade facilitando asesoramento sobre axudas, lexislación, proxectos e atención de consultas.

Accións concretas que desenvolvemos neste ámbito son:

- Informar e asesorar de xeito integral ás persoas, entidades, centros especiais de emprego asociados e outros axentes que contactaron con CEGASAL
- Mellorar a interrelación dos centros especiais de emprego asociados e o resto de axentes da contorna
- Contribuír á proxección e posta en valor do sector da Economía Social na opinión pública tanto a nivel social e empresarial como institucional, entre outros, a través dos medios de comunicación
- Visibilizar e potenciar cadeas de valor responsable cos centros especiais de emprego de iniciativa social e emprendemento colectivo
- Promover a responsabilidade social empresarial (creación da *Rede CEGASAL Inclúe*)
- Fomentar a contratación de persoas con discapacidade tanto no mercado protexido como na empresa ordinaria
- Realizar tarefas de representación institucional e diálogo social potenciando a interlocución con axentes colaboradores
- Promover a implementación da Axenda para o Emprego: apoiar e colaborar na consecución dos obxectivos e retos previstos como axente colaborador da mesma

- Promover a implementación da Estratexia Galega de Discapacidade: apoiar e colaborar na consecución dos obxectivos e retos previstos como axente colaborador da mesma
- Mellorar a empregabilidade das persoas con discapacidade e facilitar o seu acceso ao mercado laboral
- Potenciar a relación e coordinación con redes que perseguen obxectivos semellantes, en distintos ámbitos

INTEGRACIÓN VERTICAL

Participamos en diferentes foros e entidades asociativas a nivel estatal e autonómico, o cal nos permite ter a capacidade de responder con maior rapidez ás necesidades das nosas entidades asociadas.

A nivel autonómico estamos presentes en:

- Confederación de Empresarios de Galicia
- Círculo de Empresarios de Galicia
- Rede Eusumo
- Foro pola Economía Social Galega (en adiante, ForoESGal)
- CERMI Galicia
- Cámara de Comercio de Coruña

A nivel estatal estamos presentes en:

- AECEMCO. Asociación Empresarial de Centros Especiais de Emprego
- FEACEM. Federación Empresarial de Asociacións de Centros Especiais de Emprego

PROXECTOS

1. **CAPACITADAMENTE II: MELLORANDO A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS CON TRASTORNO MENTAL 2024- 2025**

Capacitadamente é un programa para a integración social de persoas con Trastornos Mentais realizado por CEGASAL en colaboración con Johnson&Johnson.

A xustificación dun programa de incorporación laboral para persoas con trastornos mentais en España está profundamente arraigada en aspectos sociais, económicos e de dereitos humanos. A continuación, detállanse algúns dos principais argumentos que xustifican este tipo de programas:

1. Dereitos Humanos e normativas internacionais.
2. Reintegración social e redución do estigma.
3. Beneficios para a Saúde Mental.
4. Impacto Económico.
5. Enfoque Inclusivo no Mercado Laboral.
6. Redución da pobreza e a desigualdade.

O programa desta 2ª edición plantéxase da seguinte maneira:

- FASE 1 - CAPACITACIÓN PARA O EMPREGO. Realización de 8 módulos de formación básica en competencias transversais.

Actividade:

- Selección de persoas candidatas
- Identificación de persoas candidatas
- Proceso de selección e criterios de selección. Amparo da Protección de datos das persoas candidatas
- Módulos da Capacitación para o Emprego:
 - Competencias básicas en inglés empresarial
 - Ofimática básica
 - Primeiros auxilios e prevención de riscos laborais
 - Formación administrativa
 - Manexo de produtos fitosanitarios
 - Competencias básicas en autocoidado e discapacidade

- Duración do curso: 50 horas distribuídas en 3 días á semana (martes, mércores e xoves), 4 horas/sesión dando comezo o 05/11/2024 e finalizando o 03/12/2024
 - Número de persoas participantes: entre 10 e 14 persoas
- FASE 2 - REALIZACIÓN DE CURSOS DIRIXIDOS Á ESPECIALIZACIÓN EN ÁMBITOS LABORAIS ESPECÍFICOS 2025

Actividade:

- Selección de persoas candidatas
- Identificación de persoas candidatas
- Proceso de selección e criterios de selección. Amparo da Protección de datos das persoas candidatas
- Módulos da Especialización:
 - Habilidades básicas para a inserción laboral en xardinería e mantemento de espazos verdes
 - Ocio e tempo libre

2. PRESENTACIÓN DO PROXECTO CAPACITADAMENTE Á CONVOCATORIA DA FUNDACIÓN LA CAIXA

En Galicia existen 7 áreas sanitarias que integran, ademais da capital de provincia, outras poboacións para dar resposta sanitaria á dispersión xeográfica galega. O proxecto Capacitadamente executaríase naquela área sanitaria cuxo Servizo Público de Saúde (SERGAS) que xa foi contactado previamente para que derive, da unidade de saúde mental, potenciais participantes no proxecto. A criba estaría feita por facultativos especialistas da área de psiquiatría e garantiríase a confidencialidade dos expedientes. Así mesmo, contactaría con entidades deas Terceiro Sector cuxo ámbito de actuación está dirixido á saúde mental e á discapacidade e que, mediante o seu Servizo de Orientación e

Fundación "la Caixa"



Intermediación Laboral (SIL), poidan proporcionar participantes interesados.

A resolución recibida contemplaba a desestimación do proxecto e traballamos na mellora do mesmo para poder concorrir en vindeiras edicións.

3. ACORDO MARCO DE COOPERACIÓN COS PROXECTOS FORMATIVOS DA FUNDAE PARA A ECONOMÍA SOCIAL

Estes proxectos formativos tiveron e teñen, xa que segue en vigor, o obxectivo de mellorar as competencias das persoas dentro das empresas e entidades da Economía Social para potenciar o desenvolvemento do sector.

COMPETENCIAS PARA A DIXITALIZACIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL

- ✓ Ciberseguridade
- ✓ Traballo colaborativo na nube
- ✓ Mellora da produtividade con Microsoft 365
- ✓ Identificar e resolver problemas técnicos
- ✓ Elaboración de contidos dixitais
- ✓ Trámites coa Administración Pública con firma dixital
- ✓ Tendencias actuais e futuras en tecnoloxía



Os obxectivos son:

- Definir e implementar un conxunto de medidas de difusión para as entidades de Economía Social, encamiñadas a que, principalmente, os seus traballadores, socios traballadores e socios con actividade económica realicen a formación que se lles ofertará.
- Potenciar a imaxe das entidades de Economía Social como impulsoras da capacitación do sector.

4. PROGRAMA PARA A CONVOCATORIA REDE EUSUMO 2023/2024

Actividades realizadas durante o 2024 conxuntamente AEIGA e CEGASAL:

➤ **Fomento da contratación reservada e compra responsable en sectores específicos da economía social en entidades locais**

A Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, de 8 de novembro, traspón as Directivas 2014/23/UE e 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública que subliñan a dimensión instrumental da contratación pública para lograr un crecemento intelixente, sustentable e integrador. Con esta lei inclúense nos contratos públicos consideracións de tipo social, medioambiental e de innovación e desenrolo que aínda son descoñecidos e aportarían grandes oportunidades de crecemento as nosas entidades.



➤ **Economía circular inclusiva promoción da economía social no ámbito da economía circular**

A economía circular é aquela na que o valor dos produtos, os materiais e os recursos mantéñense na economía durante o maior tempo posible, e na que se reduce ao mínimo a xeración de residuos, o que constitúe unha contribución esencial aos esforzos da UE encamiñados a lograr unha economía sostible, descarbonizada, eficiente no uso dos recursos e competitiva. É dicir, maximízanse os recursos dispoñibles para que estes permanezan o maior tempo posible no ciclo produtivo. A economía circular aspira a reducir todo o posible a xeración de residuos e a aproveitar ao máximo aqueles cuxa xeración non se puido evitar.



➤ **Fomento da contratación reservada na Xunta de Galicia en sectores específicos**

A Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, de 8 de novembro, traspón as Directivas 2014/23/UE e 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública que subliñan a dimensión instrumental da contratación pública para lograr un crecemento intelixente, sustentable e integrador. Con esta lei inclúense nos contratos públicos consideracións de tipo social, medioambiental e de innovación e desenvolvemento que aínda son descoñecidos e aportarían grandes oportunidades de crecemento as nosas entidades.



5. PROGRAMA PARA A CONVOCATORIA REDE EUSUMO 2024/2025

Actividades realizadas durante o 2024 por CEGASAL:

➤ **Encontros Networking - Fomento da economía circular a través dos CEEIS**

Reuniuse un destacado grupo de profesionais en dous encontros en liña co obxectivo de fomentar a economía circular en Galicia. Estas sesións, gratuítas e abertas, enfocáronse en como os modelos de economía social, en especial os centros especiais de emprego de Iniciativa Social (CEEIS), poden ser impulsores clave de prácticas sostibles e circulares.



Ao longo de ambas xornadas, ofrecéronse intervencións centradas na interrelación entre a economía social e a economía circular, subliñando como a cooperación entre empresas de diferentes sectores pode contribuír á redución de residuos, a reciclaxe e a reutilización de materiais, ademais de xerar valor engadido en termos de emprego inclusivo e desenvolvemento sostible.



Os participantes tiveron a oportunidade de coñecer casos de éxito reais nos que empresas galegas xa están a aplicar estes principios. Destacáronse exemplos concretos de sinerxias empresariais que conseguiron non só optimizar recursos, senón tamén abrir novas liñas de negocio baseadas na innovación e a sustentabilidade. Este enfoque práctico resultou especialmente útil para os asistentes, quen participou activamente nos debates e sesións de intercambio de ideas.

Ademais, os encontros serviron para crear un espazo de networking virtual onde os profesionais de distintos sectores puideron establecer conexións con vistas a futuras colaboracións. Estas iniciativas teñen como obxectivo fortalecer a rede de empresas que operan baixo os principios da economía circular e social, xerando un impacto positivo no tecido empresarial e ambiental de Galicia.

Actividades realizadas durante o 2024 conxuntamente AEIGA e CEGASAL:

➤ **Implantación do compliance penal en entidades de economía social.**

O encontro networking virtual sobre Implantación do Compliance penal en entidades de Economía Social foi unha iniciativa conxunta de AEIGA e CEGASAL que buscou reunir profesionais e representantes de organizacións da economía social no interese en fomentar a conciencia e as prácticas éticas nas entidades socias, axudándolles a previr riscos por non ter debidamente controlado o risco penal que pode supoñer graves prexuízos. Falouse tamén da actualización normativa, a partir das obrigas da publicación da Lei 2/2023 en referencia ao sistema de comunicación interno de denuncias.



6. PARTICIPACIÓN CONXUNTA NA CONVOCATORIA 2024-2025 DO PLAN INTEGRAL DE IMPULSO Á ECONOMÍA SOCIAL PARA A XERACIÓN DUN TECIDO ECONÓMICO, INCLUSIVO E SOSTIBLE NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.

Proxecto coparticipado polas entidades integrantes do Foro pola Economía Social Galega (ForoESGal): implantación dun Centro de excelencia de innovación e emprendemento na economía social.

A creación deste Centro de alcance estatal, con participación das Comunidades Autónomas da Región de Murcia e Galicia, alíñase coas políticas e estratexias da Unión Europea, do goberno estatal e de Murcia e Galicia, especialmente cos obxectivos de emprendemento e desenvolvemento sostible. A necesidade de contar cun centro de vangarda ao redor da economía social está completamente aliñado co acordo marco de colaboración entre o Ministerio de Traballo e

Economía social e a Confederación Empresarial Española da Economía Social (CEPES) para a creación dun HUB de Vangarda que aúne toda a información a través da transferencia e intercambio de coñecemento referente para a Economía Social no territorio español, pero tamén con impacto europeo e internacional.

7. INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN E RECOÑECEMENTO DA CUALIFICACIÓN PROFESIONAL ADQUIRIDA POLA EXPERIENCIA LABORAL NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Asinado convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para cumprir cos criterios establecidos no Real Decreto 1224/2009, de 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, de acordo co cal, “as administracións públicas competentes garantirán, na forma prevista nos seus respectivos ámbitos territoriais, a participación das organizacións empresariais e sindicais máis representativas”. A finalidade última foi facilitar que o procedemento de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral sexa coñecido e valorado por empresas e traballadores e traballadoras como un elemento esencial para a mellora da cualificación da poboación activa, e paso previo para a súa incorporación á formación permanente dos traballadores.

COLABORACIÓN EMPRESARIAL

Mediante a materialización de acordos ou actividades que melloran a competitividade dos centros especiais de emprego asociados, adoptamos distintos tipos de cooperación segundo o obxectivo económico ou social a alcanzar.

- Convenios de colaboración
- Acordos de cooperación con provedores
- Intercambios

En 2024 asinamos un novo convenio de colaboración con Johnson&Johnson, empresa coa que mantemos boa relación traballando conxuntamente na inserción laboral de persoas con trastornos mentais.

Así mesmo, continuamos promovendo a formación a través do convenio asinado o 2023 con Ilunion e a Fundae.

PROXECTOS DE IMPACTO SOCIAL

Dende CEGASAL impulsamos proxectos en colaboración con entidades públicas e privadas para favorecer as condicións sociolaborais das persoas con discapacidade en Galicia.

OUTRAS ACTIVIDADES

1. Participación en grupos de traballo de organismos públicos.

En concreto en:

- Consello Galego de Acción Voluntaria
- Rede Eusumo
- Consello Galego de Benestar Social
- Consello Galego de Relacións Laborais
- Consello da Economía Social de Galicia. Comisión de seguimento de reservas de contratos
- Forum xurídico da EAPN

2. Participación nas actividades promovidas polo Foro pola Economía Social Galega (en adiante, ForoESGal):

O ForoESGal é un espazo de encontro entre entidades da economía social galega, portavoz das súas demandas e propostas e un actor principal que favorece o impulso, a visibilidade e o recoñecemento da Economía social como motor de xeración de emprego, democracia económica, sustentabilidade, desenvolvemento rural e distribución de riqueza en Galicia. Entre os seus obxectivos figuran o de visibilizar e representar a economía social ante a sociedade galega e ante o resto de axentes políticos, económicos e sociais e favorecer o desenvolvemento destas entidades a través da intercooperación e o acceso a procesos de contratación pública.

ForoESGal aglutina ás entidades que conforman as organizacións máis representativas das diferentes familias empresariais da economía social en Galicia:

- AEIGA: Asociación de Empresas de Inserción de Galicia
- AESGAL: Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia
- AGACA: Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias
- CEGASAL: Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro
- ESPAZOCOOP: Unión de Cooperativas Galegas

Os seu principal obxectivo é visibilizar a Economía Social perante a sociedade e os principais axentes económicos mediante o desenvolvemento de accións de difusión da economía social ante os principais axentes económicos e sociais de Galicia, deseñándose as seguintes accións e actividades:

Cafés con Aroma a Economía Social

Antón Costas, presidente do Consello Económico e Social, falou en Santiago sobre o desafío de avanzar cara a unha economía



máis democrática, máis repartida, máis inclusiva e máis sostible desde o punto de vista social e ambiental. Mentres que Zigor Ezpeleta, representante do Centro Corporativo de Mondragón, referente do cooperativismo desde fai máis de seis décadas ao englobar case un centenar de entidades desta índole que representan a 80.000 persoas, puxo o acento no factor humano e na influencia da economía social na contorna. O evento foi inaugurado pola alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín, que se comprometeu “a apoiar desde o concello un sector que consideramos vital, como é o da economía social”.

Difusión da exposición da historia da economía social galega

O centro sociocultural Maruxa e Coralia de Santiago de Compostela acolleu a exposición “Economía Social no corazón da nosa historia”, organizada pola concellaría de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude do concello de Santiago de Compostela e o ForoESGal para darlle visibilidade a “un modelo que, alén das grandes cifras económicas, pón o foco na situación das persoas, a calidade do emprego, o uso responsable dos recursos ou o impacto ambiental”. Así o explicou a concelleira María Rozas, que visitou a mostra acompañada polo presidente do ForoEsGal, Celso Gándara, e doutros representantes das entidades de economía social de Galicia.



Día da Economía Social Galega
Xornada de especial relevancia para todo o sector da economía social. Este encontro, que reuniu a máis de 150 persoas en Santiago de Compostela, foi unha



oportunidade única para explorar e debater os inminentes cambios lexislativos que afectan á economía social.

Día do Cooperativismo Galego

A localidade pontevedresa de Nigrán no acto en conmemoración do Día do Cooperativismo Galego 2024, no que se recoñeceron as iniciativas premiadas no Certame Cooperativismo no Ensino e nos Premios á Cooperación 2024. O titular de Emprego felicitou aos premiados e defendeu a importancia do diálogo social e a unidade entre a Administración e os distintos axentes sociais e económicos para avanzar en ámbitos como o cooperativismo e a economía social co foco posto na dinamización do rural.

Propostas da economía social galega para as eleccións autonómicas 2024

Ante a cita electoral do 18 de febreiro, o ForoESGal presentou as súas prioridades e propostas ás Eleccións Galegas do 2024, consciente da relevancia de achegar aos debates electorais as respostas da economía social, aos retos sociais, económicos e ambientais da sociedade galega. Empresas de todos os tamaños, desde micro pemeas a grandes grupos empresariais, presentes en todos os sectores económicos e líderes en moitos deles.

Asistencia ao Acto de presentación EGAES H27

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade organizou o “Acto de presentación da Estratexia Galega de Economía Social | EGAES H27” na Cooperativa Viña Costeira Val de Pereira en Ribadavia (Ourense).




Asistencia á clausura da IV edición dos Premios de Sostibilidade Empresarial de Galicia

Xornada organizada pola Xunta de Galicia para convidar ao debate e para recoñecer as boas prácticas implantadas en materia laboral, ambiental e social, así como no fomento da conciliación e da corresponsabilidade.



Asistencia á presentación do XIV Informe de Estado da Pobreza en Galicia 2024

O 17 de outubro, coincidindo co Día Internacional da Erradicación da Pobreza, EAPN Galicia, Rede Galega de Loita contra a pobreza e a exclusión social presentou o XIV Informe do Estado da Pobreza en Galicia 2024, na Sede da Valedora do Pobo en Santiago de Compostela. Este informe forma parte do XIV Informe “O Estado da Pobreza en España 2024” da Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN-España) que avalía o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030, especialmente o ODS 1, que busca reducir á metade a pobreza en todas as súas formas.



Asistencia ao Acto de entrega das Medallas Emilia Pardo Bazán 2024

A Xunta entregou as Medallas Emilia Pardo Bazán en recoñecemento das súas accións a favor da igualdade entre mulleres e homes aos tres institutos de investigación sanitaria de Galicia, á Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (Acadar) e a Rosa Celia Otero Graña.



Participación no I CONGRESO GALICIA É ESS de REAS GALICIA

Espazo de debate, reflexión e creación colectiva que permita recoñecer e situar a Economía Social e Solidaria como un axente clave para unha transformación social, ambiental e económica máis xusta e equitativa.



CANLE RESPONSABLE

Dende marzo do 2020, CEGASAL conta cun Servicio de buzón de denuncias, unha ferramenta tecnolóxica ao servizo de todos que permite una xestión sinxela, económica e automatizada do canal ético ou de denuncias que debe formar parte do Programa de Cumprimento Normativo das persoas xurídicas.

Trátase dun servizo personalizado mediante o que se pode administrar, en tempo real e de maneira moi simplificada, as denuncias, reclamacións ou suxerencias que se formulan á entidade como consecuencia da súa actividade, o que permite verificar o cumprimento da legalidade e previr delitos.



CEGASAL da acceso o seu canal de denuncias a través da súa páxina web. O canal recoñece a protección da identidade dos denunciante de boa fe e

ACTIVIDADES PROMOCIONAIS

**23 y 24 de septiembre
de 2024**

**II Jornada
ECONOMÍA CIRCULAR LOCAL**

*"Contratación pública estratégica de la gestión de
residuos municipales: recomendaciones y buenas prácticas"*

Organizadores:

Patrocinadores:

Colaboradores:

Programa Economía Circular Local (ECL)
 (TEL:021-2979745-300)
 Proyecto elaborado por el equipo de la
 economía circular, liderado por la
 Contratación pública local
 (TEL: 0202-7252362-300)

Analizáronse os elementos e riscos xurídicos a ter en conta nos procesos de preparación contractual para levar a cabo unha xestión estratéxica destes contratos, de acordo cos obxectivos da política comunitaria de economía circular e a Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular, e a súa normativa de desenvolvemento vixente e en proceso de aprobación (envases e residuos de envases, pilas e acumuladores, aparellos eléctricos e electrónicos, desperdicio alimentario, téxtil, mobles e enseres, etcétera). Durante a sesión presentáronse boas prácticas e recomendacións que contribúan á preparación axeitada destes contratos por parte das entidades locais.

Evento accesible en LSE

II Congreso de contratación pública

Por unha contratación máis axil,
eficaz, en igualdade e sostible

Lugo,
01/04/24
Martes,
09/04/24

Instituto Galego de Contratación Pública

 **Instituto Galego de Contratación Pública**

 **Dirección Xeral de Contratación Pública**

O obxecto deste congreso foi reflexionar, debater e atopar puntos de encontro para

buscar aquelas medidas e instrumentos que permitiran conseguir unha maior axilidade e simplificación na xestión administrativa da contratación, poñendo especial énfase na contratación estratéxica e singularmente na xestión pública con perspectiva de xénero. Así mesmo, tratáronse outros temas de interese relativos a esta materia, a prol dun mellor servizo á cidadanía, contratistas, e á propia administración.

MESA REDONDA: *O empresariado ante a contratación pública. Como potenciar as PEME e os centros especiais de emprego de iniciativa social. Cara a unha mellora dos sistemas de revisión de prezos*

Participación no VI curso sobre a Economía Circular no marco da Axenda Mundial 2030 e o cumprimento do Obxectivo de Desenvolvemento Sustentable N° 12



O Instituto de Medio Ambiente da UDC en colaboración coa "Asociación para la Sostenibilidad y el Progreso de las Sociedades" (ASYPS) organizou a sexta edición do curso sobre "A Economía Circular no marco da Axenda Mundial 2030 e o cumprimento do ODS 12", contando co apoio da Cátedra Hijos de Rivera-UDC de Desarrollo Sostenible e de Ecoembes.

Na actualidade, é esencial que o mundo universitario e empresarial contén con información/formación axeitada sobre a sostibilidade do desenvolvemento humano ante o Cambio Global. A humanidade afronta unha gran oportunidade de avanzar cara a novos modos de produción e consumo sostibles.

SESIÓN 3: *Innovación empresarial para a economía circular. Incidencia das políticas de economía circular no sector público e privado.*

V. REDE CEGASAL INCLÚE

A REDE CEGASAL INCLÚE é un punto de encontro e colaboración de empresas e entidades para as que as persoas con discapacidade atópanse entre os seus grupos de interese, é dicir, manteñen un compromiso con este colectivo na súa xestión, ben como empregadores e/ou compradores, provedores de produtos e servizos,...

A **REDE CEGASAL INCLÚE** nace para dar a coñecer boas prácticas e fomentar unha nova cultura empresarial inclusiva ue entende a diversidade como un activo xerador de valor social e económico. A **REDE CEGASAL INCLÚE** pretende visibilizar a empresas e entidades referentes en Galicia, responsables e comprometidas coa igualdade de oportunidades, que co seu bo facer contribúen ao cambio social e á participación das persoas con discapacidade no noso territorio. Durante o 2021, sete novos empresarios uníronse o espazo de encontro e colaboración de empresas e entidades para as que as persoas con discapacidade se encontran entre os seus grupos de interese creado por CEGASAL no 2018.



Empresas

A REDE CEGASAL INCLUE





VI. O FOCO NA SOSTIBILIDADE

*En setembro de 2015, Nacións Unidas adoptou un conxunto de 17 obxectivos xerais e 169 metas para erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todas as persoas, dentro da nova axenda de desenvolvemento sostible. Son os coñecidos como **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)**.*

Os ODS deben terse en conta para avanzar cara un futuro onde a rendibilidade das empresas vaia da man da sostibilidade social e ambiental. Esta ruta é común para todos os actores involucrados no desenvolvemento sostible incluíndo gobernos, empresas privadas e sociedade civil.

En CEGASAL traballamos sobre a base do apoio mutuo, a responsabilidade social e a solidariedade. Todo isto lévanos a deseñar e executar proxectos para contribuír á construción e consolidación dunha economía inclusiva e sustentable.

Por tanto, somos conscientes da importancia de contribuír como entidade á consecución dos ODS. Por iso, na nosa memoria de actividades, para cada un dos capítulos, informamos da nosa contribución a determinadas metas concretas.

RELACIÓN COS NOSOS GRUPOS DE INTERESE

Os grupos de interese son todas aquelas persoas ou grupos de persoas que, ou ben son afectadas pola actividade que desenvolve CEGASAL ou ben a afectan directamente. Por iso, consideramos imprescindible a participación de todos eles nas diferentes etapas da nosa xestión. Os nosos grupos de interese foron identificados nun obradoiro realizado coas entidades de CEGASAL no marco deste proxecto.

Somos conscientes de que non podemos crear valor de forma sostible e afrontar os retos e oportunidades que xorden na nosa contorna se non se teñen en conta as súas necesidades e expectativas. En CEGASAL temos identificados oito grupos de interese que están desagregados en diferentes niveis de interrelación.

Aministracións públicas

1. Xunta de Galicia

1.1. Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Secretaría Xeral de Emprego
- IGAPE

1.2. Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

1.3. Resto de consellerías

2. Concellos

3. Mancomunidades

4. Deputacións

5. Delegación do goberno

Tecido empresarial

1. Pemes

2. Grandes empresas

3. Rede CEGASAL INCLÚE

4. Círculos de empresarios

5. Cámaras de comercio

6. Confederacións de empresarios

7. Clientela dos asociados de CEGASAL

Diálogo social

1. Asociacións patronais

2. Sindicatos

Provedores

1. Entidades financeiras

2. Provedores de produtos/servizos

A familia da economía social

1. Foro da Economía Social de Galicia

2. Outras entidades da economía social galega

2.1. Confrarías de pescadores

2.2. Asociacións


2.3. Mancomunidades de montes

2.4. Fundacións

2.5. Mutuas

2.6. Sociedades agrarias de transformación

3. Entidades asociativas da economía social a nivel nacional




As principais canles de comunicación cos nosos grupos de interese son a nosa páxina web, as redes sociais, as xuntanzas con entidades socias, a participación en reunións, foros, eventeos, entre outros.



Dende CEGASAL traballamos para desenvolver proxectos vinculados aos aspectos materiais identificados como prioritarios para os centros especiais de emprego e os nosos grupos de interese. Estes aspectos, vinculados aos diferentes Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, son:



Ademais destes asuntos materiais prioritarios tamén desenvolvemos proxectos para contribuír a conseguir a igualdade de xénero, a mellorar a saúde das persoas con discapacidade e a reducir o noso impacto no planeta.





VII. O NOSO MODELO DE GOBERNANZA



Meta 16.6. Somos unha organización que cumprimos con todas as esixencias en materia de transparencia impulsadas polo goberno central e autonómico.

GOBERNO CORPORATIVO

Os órganos de goberno constitúense arredor de dúas figuras, a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así coma un órgano de control e supervisión. Este órgano está formado por organizacións sindicais e entidades promotoras dos CEEIS.

A Xunta Directiva dirixe, goberna e administra a organización e está integrada por:

Presidente	Herminio Martínez Lago
Vicepresidente	Mayca Vidal Porto
Secretaria	Silvia Alende Fandiño
Tesoureira	Felipe Ovalle Pintor
Vogais	Ignacio Rodríguez Sáez
	Elena Rodríguez

A Xunta Directiva de CEGASAL está composta por seis persoas, que contan cun asesor externo con voz pero sen voto. A composición é de un 50% de homes e un 50% de mulleres. O 60% das persoas que a integran son persoas con discapacidade fronte a un 40% que non posúen ningún tipo de discapacidade.

	XUNTA DIRECTIVA			
	Con Discapacidade		Sen Discapacidade	
	Home	Muller	Home	Muller
Menores de 25 anos	0%	0%	0%	0%
Entre 26 e 35 anos	0%	10%	0%	0%
Entre 36 e 45 anos	20%	10%	10%	10%
Entre 46 e 55 anos	0%	10%	0%	0%
Entre 56 e 65 anos	20%	0%	10%	0%

A nova xunta directiva de CEGASAL constituída en xuño do 2023:



EQUIPO TÉCNICO:

CEGASAL somos unha entidade pequena que contamos con **2 persoas traballadoras, o 100% mulleres** que, grazas a súa profesionalidade e bo facer, son as artífices de que a asociación pouco a pouco aglutine a máis centros especiais de emprego. E aí reside o noso potencial, o de transformar o mercado de traballo das persoas con discapacidade a través de fomentar os CEEIS entre o tecido empresarial.

O convenio colectivo de CEGASAL é o de Oficinas e Despachos da Coruña, algo que garante que as nosas traballadoras teñan os mesmos dereitos laborais que persoas que traballen noutras organizacións do mesmo sector.

O perfil do noso cadro de persoal é:

SEXO		DISCAPACIDADE		IDADE		LUGAR RESIDENCIA	
Mulleres	2	Sen Discapacidade	2	Entre 36 e 45 anos	1	Área periurbana	1
				Entre 46 e 55	1	Área urbana	1
Totais	2	Totais	2	Totais	2	Totais	2

O lugar de residencia é importante dende o punto de vista de accesibilidade das persoas con discapacidade. No noso caso, ao ser unha entidade pequena, todas as persoas traballadoras se desprazan en vehículo privado polo que a incidencia do lugar de residencia a nivel de mobilidade non ten gran incidencia.

As tres persoas traballadoras están adscritas o mesmo centro de traballo situado en Calle Dublín 3, baixo, Santiago de Compostela.

CALIDADE NO EMPREGO

As persoas que traballan en CEGASAL perciben uns salarios dignos en base ao nivel de vida da nosa comunidade, moi superiores ao salario mínimo vixente por grupo profesional.

VIII. DOSSIER DE PRENSA

- ✓ 18-10-2024 La Xunta pone en valor a contratación reservada a centros especiales de empleo y empresas de inserción para seguir garantizando un mercado laboral inclusivo - Xunta de Galicia
- ✓ 10-10-2024 Cegasal celebra que los centros especiales de empleo sin ánimo de lucro sean los únicos reconocidos como economía social - Expansión
- ✓ 02-10-2024 Francisco Caamaño defiende la importancia del compliance en una jornada sobre economía social en Galicia - Enfoques.gal
- ✓ 19-09-2024 Cegasal impulsa la economía circular mediante la cooperacion empresarial - Mundiario
- ✓ 13-09-2024 Foro Empresa y Cegasal organizan una jornada sobre economía social - Faro de Vigo
- ✓ 03-09-2024 Cegasal urge a reducir la brecha salarial que aún sufren los trabajadores con discapacidad - La Opinión A Coruña
- ✓ 02-09-2024 Cegasal llama la atencion por el preocupante informe de la OIT - Mundiario
- ✓ 02-09-2024 La Asociación Gallega de Centros Especiales de Empleo pide reducir la brecha salarial de trabajadores con discapacidad - GaliciaPress
- ✓ 02-09-2024 Cegasal urge a reducir la brecha salarial que aún sufren los trabajadores con discapacidad - El Correo Gallego
- ✓ 29-08-2024 Mino Martínez: "Estamos muy lejos de un punto idóneo de inserción de personas con discapacidad" - Atlántico
- ✓ 11-08-2024 Compromiso del PPdeG para mejorar la ley estatal de economía social para "garantizar" una sociedad más justa - GaliciaPress
- ✓ 11-08-2024 Hornos Lamastelle o cómo integrar la discapacidad en la cadena productiva - La Voz de Galicia

- ✓ 03-07-2024 Cegasal apuesta por el emprendimiento colectivo liderado por discapacitados - Mundiario
- ✓ 22-05-2024 La Xunta remarca el trabajo de los centros especiales de empleo en la inclusión de las personas con discapacidad en el mercado laboral - Servimedia
- ✓ 22-05-2024 La Xunta ensalza los centros especiales de empleo en la inclusión de las personas con discapacidad en el mercado laboral - GaliciaPress
- ✓ 18-05-2024 Economía circular y economía social, sinónimos para la Xunta de Galicia - Mundiario
- ✓ 16-05-2024 Empleo anuncia una oficina de emprendimiento “ad hoc” para las empresas de economía social - Economíaengalicia.com
- ✓ 16-05-2024 La Xunta ponen en valor sus políticas para una economía verde y sostenible que #apostar por la inclusión y por los beneficios sociales y colectivos - Noticias Vigo
- ✓ 16-05-2024 Polo de emprendemento e apoio ao emprego - Rede de Polos de Emprendemento e apoio ao emprego
- ✓ 16-05-2024 La Xunta ensalza sus políticas para una economía sostenible que apueste por la inclusión y los beneficios sociales - GaliciaPress
- ✓ 16-05-2024 A Xunta pon en valor as súas políticas para unha economía verde e sustentable que aposte pola inclusión e polos beneficios sociais e colectivos - Xunta de Galicia
- ✓ 10-05-2024 Empresas promueven economía circular inclusiva en unas jornadas en Santiago de Compostela - GaliciaPress
- ✓ 10-05-2024 Cegasal y AEIGA promocionarán la economía circular inclusiva - Economíaengalicia.com
- ✓ 10-05-2024 Viratec colabora en una jornada de Economía Circular Inclusiva junto con AEIGA y Cegasal - Viratec
- ✓ 09-05-2024 A Xunta pon en valor as súas políticas para unha economía verde e sustentable que aposte pola inclusión e polos beneficios sociais e colectivos - Cope Galicia
- ✓ 09-05-2024 Javier Domínguez, invitado por CESAGAL y AEIGA a participar en una jornada sobre Economía Circular Inclusiva - Sogama

- ✓ 29-04-2024 Jornada 'Economía Circular Inclusiva. Promoción de la Economía Social en el ámbito de la Economía Circular' - AEIGA
- ✓ 03-03-2024 Santiago se compromete a elevar la contratación reservada - Mundiario
- ✓ 01-03-2024 A Xunta salienta o papel referente de Galicia na reserva de contratos a centros especiais de emprego - Xornal 21
- ✓ 01-03-2024 Alcaldes gallegos apelan a la “voluntad política” para ampliar el porcentaje de contratos reservados que marca la ley - Economíaengalicia.com
- ✓ 01-03-2024 La Xunta destaca el papel referente de Galicia en la reserva de contratos a centros especiales de empleo y empresas de inserción en sus procesos de licitación - Noticias Vigo
- ✓ 09-01-2024 Formoso destaca en Oleiros la apuesta de Hornos Lamastelle por la inserción laboral de 110 discapacitados - El Ideal Gallego


DATOS REDES SOCIAIS

- **Web [CEGASAL](#):**

Durante o presente período, a páxina web recibiu case 6.000 visitas (5.997). Das cales, a inmensa maioría (5.826) corresponden a persoas usuarias novas fronte á contía de usuarias recorrentes (538).

A segunda fonte máis relevante foi o acceso directo (Direct), cun total de 1.835 persos usuarias (30,6%). Isto reflicte unha base sólida de visitantes que xa coñecen a páxina e acceden a ela sen necesidade de buscala en Google ou desde outras webs. O tempo medio de interacción foi de 35 segundos, situándose por detrás do tráfico orgánico emantendo un bo nivel de engagement.

- **RRSS:**



IX. PREVISIÓN ACTIVIDADE 2025

PROXECTOS

- **Propios**
 - Asesoramento a centros especiais de emprego de iniciativa social (en adiante, CEEIS)
 - Convocatorias públicas e privadas
 - Dossier de medios de comunicación diario. Noticias económicas de interese
 - Creación de novos CEEIS
 - Implementación de medidas voluntarias administrativas (selos, recoñecementos)
 - Capacitadamente II. Formación de persoas con trastorno mental. Colaboración privada
 - Outros
- **Participados:**
 - Universidades
 - Entidades da Economía Social (ForoESGal, CEPES)

- Sector público. Concorrenia, se procede, a subvencións públicas e premios.
- Sector privado

INCIDENCIA POLÍTICA

- Negociación colectiva
- Normativa xurídica
- Comisión de seguemento de contratos reservados
- Participación en grupos de traballo da administración pública

FORMACIÓN

- Formacións IGAPE
- Formacións e actividades Rede Eusumo
- Formacións Fundae e Ilunion
- Certificacións profesionais (ARA)

DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN

- Publicacións Guías, Informes, Estudos de especialización sobre discapacidade e economía social.
- Publicacións en redes sociais propias
- Publicacións en web propia
- Entrevistas no sector da economía social
- Elaboración de notas e comunicados de prensa

PARTICIPACIÓN

- Convites a foros, charlas, xornadas, seminarios, actos públicos e actos privados
- Colaboracións empresariais (CEG, Círculos de Empresarios, Cámaras de Comercio)
- Asistencia ás xuntas directivas ou reunións dos grupos de interese e dos grupos de integración vertical

